

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

- 45** *Orde DEF/1282/2019, do 19 de decembro, pola que se modifica a Orde DEF/1756/2016, do 28 de outubro, pola que se aproban as normas de uniformidade das Forzas Armadas.*

A Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, establece os corpos e escalas en que se integran os militares de carreira e os de tropa e mariñeiría, e aos cales se adscriben os militares de complemento, de acordo coas funcións que os seus membros deban desempeñar.

Nos corpos xurídico militar e militar de intervención os militares agrúpanse nunha única escala de oficiais. En cambio, no corpo militar de sanidade os seus integrantes agrúpanse nunha escala de oficiais e nunha escala de oficiais enfermeiros, mentres que no corpo de músicas militares se agrupan nunha escala de oficiais e nunha escala de suboficiais, en correspondencia coas diferentes categorías militares e segundo as facultades profesionais que teñan asignadas e os requisitos educativos exixidos para a súa incorporación.

Dentro deste marco, o artigo 41 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, reserva ao desenvolvemento regulamentario a determinación das especialidades fundamentais que existirán en cada escala, cando os campos de actividade en que se desempeñan as funcións do seu corpo o requiran.

No capítulo V do Regulamento de especialidades fundamentais das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 711/2010, do 28 de maio, establécense as especialidades fundamentais dos corpos comúns das Forzas Armadas. Nel indícase que en cada un dos corpos xurídico militar e militar de intervención existirá unha única especialidade fundamental cuxa denominación coincidirá coa do corpo. No corpo militar de sanidade existirán cinco especialidades fundamentais na escala de oficiais e unha especialidade fundamental na escala de oficiais enfermeiros. Por último, no corpo de músicas militares existirán dúas especialidades fundamentais para a escala de oficiais e unha soa para a escala de suboficiais.

Tal como se indica no Real decreto 339/2015, do 30 de abril, polo que se ordenan as ensinanzas de perfeccionamento e de altos estudos da defensa nacional, a obtención do diploma de estado maior ten por finalidade complementar a capacitación do militar de carreira para o desempeño das funcións de asesoramento e apoio á alta dirección nos órganos superiores e directivos do Ministerio de Defensa e dos organismos internacionais de que España forma parte, así como dos estados maiores específicos, conxuntos e combinados. Por conseguinte, parece oportuno que os integrantes dos corpos comúns das Forzas Armadas que obtiveron esta diplomatura poidan portala sobre o uniforme nas condicións que corresponda.

Coa finalidade de que as especialidades fundamentais dos corpos comúns das Forzas Armadas ou, se é o caso, o diploma de estado maior teñan o seu reflexo na uniformidade é polo que se acomete a modificación da Orde DEF/1756/2016, do 28 de outubro, pola que se aproban as normas de uniformidade das Forzas Armadas, no referente ás normas contidas no capítulo IV do título IX que regulan os emblemas que se corresponden cos distintos corpos, especialidades fundamentais e outros que representan casos especiais dos corpos comúns das Forzas Armadas, así como a súa colocación sobre as distintas pezas de roupa da uniformidade.

Durante a súa tramitación, o proxecto desta orde ministerial foi obxecto de informe polas asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento del ao resto das asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros

das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, o Consello de Persoal das Forzas Armadas emitiu informe sobre el.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación da Orde DEF/1756/2016, do 28 de outubro, pola que se aproban as normas de uniformidade das Forzas Armadas.*

A Orde DEF/1756/2016, do 28 de outubro, pola que se aproban as normas de uniformidade das Forzas Armadas, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 2, modalidade «B», da norma 50.<sup>a</sup>, que queda redactado da seguinte maneira:

«2. Modalidade «B».

- Indumentaria de cabeza:
- Gorro cor verde musgo ou peza de roupa específica da unidade.
- Xerse verde (O):
- Cinta de identificación.
- Camisa verde oliva de manga longa:
- Ombreiras portadivisas verde musgo.
- Divisas e os distintivos autorizados con este uniforme.
- Rectángulo de identificación persoal.
- Gravata verde musgo de nó.
- Pasador suxeitagravatas con emblema.
- Soporte portaemblema de coro.
- Pantalón ou saia:
- (M; F) Pantalón verde gris claro.
- (F) Saia verde gris claro.
- Cinto verde musgo de cordel trenzado.
- Zapatos:
- (M; F) Zapatos negros de amallós.
- (F) Zapatos negros de taco.
- Calcetíns ou medias:
- (M; F) Calcetíns negros.
- (F) Medias de cor natural.
- (F) Bolso negro (O).»

Dous. Modifícase a norma 90.<sup>a</sup>, que queda redactada da seguinte maneira:

«Norma 90.<sup>a</sup> *Dos corpos.*

1. Constituirán o sinal de identificación de cada un dos corpos comúns das Forzas Armadas, nas cores e dimensións que en cada caso se determine.

2. A descrición dos ditos emblemas é a seguinte:

- a) O emblema do corpo xurídico militar está representado por un feixe de lictores enfiado por alabarda, orlado de dúas ramas de carballo nervadas e froitadas, unidas polos seus troncos e leadas en punta.
- b) O emblema do corpo militar de intervención está representado por unha espada vertical, con sol radiante superposto, orlada de dúas ramas de carballo nervadas e froitadas, unidas polos seus troncos e leadas en punta.
- c) O emblema do corpo militar de sanidade está representado por unha cruz de Malta.
- d) O emblema do corpo de músicas militares está representado por unha lira.»

Tres. Engádesse a norma 90.<sup>a</sup> bis, que queda redactada da seguinte maneira:

«Norma 90.<sup>a</sup> bis *Das especialidades fundamentais e emblemas especiais.*

Terán emblemas característicos propios as especialidades fundamentais do corpo militar de sanidade e do corpo de músicas militares.

Terán emblemas especiais:

- Os diplomados de estado maior.
- Os destinados en determinadas unidades e centros.»

Catro. Modifícase a norma 91.<sup>a</sup>, que queda redactada da seguinte maneira:

«Norma 91.<sup>a</sup> *Colocación dos emblemas.*

O emblema do corpo usarase na indumentaria de cabeza e na cingudeira de gala. En determinadas unidades e centros a indumentaria de cabeza será a da unidade. Nos botóns da guerreira e da cazadora figurará o escudo nacional.

Con carácter xeral, os emblemas do corpo xurídico militar, do corpo militar de intervención e o resto dos emblemas das diferentes especialidades fundamentais colocaranse sobre os uniformes, excepto nos de campaña e especiais, en ambos os lados do colo da gabardina ou peza de roupa de abrigo equivalente, da guerreira, da cazadora e da camisa de manga curta, así como no pasador suxeitagravatas. Tamén se colocarán no soporte portaemblema de coiro situado sobre o bolso esquerdo da camisa de manga longa e na cinta de identificación situada na parte superior esquerda do peito do xerseí.

Os membros dos corpos comúns das Forzas Armadas cando utilicen os uniformes dos exércitos portarán o emblema do seu corpo, o da súa especialidade fundamental ou especiais, se for o caso, en substitución dos emblemas específicos daqueles.»

Cinco. Modificación de láminas.

Substitúense os uniformes das láminas da norma 55.<sup>a</sup> polos correspondentes uniformes que figuran a continuación:

**GRANDE ETIQUETA**

Modalidade única




## ETIQUETA

Modalidade única




## GALA

### Modalidade A



## GALA

### Modalidade B



## ESPECIAL RELEVANCIA


### Modalidade A






## ESPECIAL RELEVANCIA

### Modalidade B




## DIARIO

### Modalidade A




## DIARIO

### Modalidade B




## DIARIO

### Modalidade C



## TRABALLO

### Modalidade A




## TRABALLO

### Modalidade B




## TRABALLO

### Modalidade B



## TRABALLO

### Modalidade C





**Disposición transitoria única.** *Período de adaptación.*

Non obstante o disposto na disposición derradeira única, establécese un período de adaptación do establecido nos números catro e cinco do artigo único desta orde de seis meses desde a súa entrada en vigor.

**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

1. Queda derogada a Orde ministerial 380/2000, do 26 de decembro, pola que se crea e se aproba o uso dos distintivos para os membros do corpo militar de sanidade.
2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde ministerial.

**Disposición derradeira.** *Entrada en vigor.*

A presente orde ministerial entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 19 de decembro de 2019.—A ministra de Defensa, Margarita Robles Fernández.